

MISA CON NENOS
2 de xuño de 2019
Domingo da ASCENSIÓN

S. Lucas 24,46-53:
"Mentres os bendecía, ía subindo ao ceo".



ASCENDE para DESCENDER
e quedar todos os días connosco.

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: celebramos a festa da Ascensión de Xesús ao ceo. Hoxe, aquel home que naceu Neno en Belén, aquel que curou a enfermos e acompañou os tristes, aquel que curou feridas e que subiu á cruz, aquel que ao terceiro día resucitou... ¡Hoxe sobe aos ceos! É esta unha festa de grande ledicia. Xesús, ao entrar no ceo, deixa unha porta aberta pola que, nós tamén, entraremos un día a formar parte desa familia. Xesús vaise ao ceo e agora é a nosa quenda. Nós temos que levar a cabo a misión de Xesús, continuando a tarefa, o traballo que Xesús comezou: Anunciar a Boa Noticia e ser testemuñas do amor de Deus. Desde o ceo acompañanos para que non esquezamos de ir polos camiños que El nos marcou. Sede benvidos. *(Saímos cun cartel dun corazón grande cunha frase: “Xesús ascende para descender e quedar todos os días connosco”).*

(Sacerdote): -No nome do Pai... Que o Señor, que sobe ao ceo pero que segue presente, sexa convosco.

2. ASPERSIÓN COA AUGA

MONICIÓN á Aspersión: Coa alegría de ser seguidores de Xesucristo, recordemos agora o noso bautismo, que nos fixo fillos de Deus e nos encheu do seu Espírito. ***(Aspersión)***

(Sacerdote): -Que Deus todopoderoso nos purifique do pecado e, pola celebración desta eucaristía, nos faga dignos de participar do banquete do seu Reino. Amén

O RITO PENITENCIAL: O agarimo de Xesús cara a nós, aínda que subiu ao ceo, non diminúe e segue perdoando os nosos pecados.

(Posible catequista): -Ti que coa túa ascensión aos ceos, cheas o noso corazón de esperanza. Señor ten piedade de nós.

(Posible pai - nai): -Ti que coa túa ascensión aos ceos, abres para nós as portas do ceo. Cristo ten piedade de nós.

(Posible neno - nena): -Ti que coa túa ascensión aos ceos encargáchesnos seguir a túa tarefa de anunciar o moito que Deus nos quere. Señor ten piedade de nós.

3. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

Que facedes aí plantados mirando ao ceo? Estas palabras ímolas a escoitar na primeira lectura dos Feitos dos Apóstolos. Celebrar a Ascensión de Xesús aos ceos non é para quedar mirando a Xesús ao ceo, buscándoo porque xa non está na terra. Convén que esteamos moi atentos ás propias palabras de Xesús que nos vai dirixir na primeira lectura e no evanxeo

Feitos dos Apóstolos 1, 1-11: Vírono elevarse.

No meu primeiro libro, querido Teófilo, escribín de todo o que Xesús foi facendo e ensinando ata o día en que deu instrucións aos apóstolos, que escollera, movido polo Espírito Santo, e ascendeu ao ceo. Presentóuselles logo da súa paixón, dándolles numerosas probas de que estaba vivo, e, aparecéndoselles durante corenta días, faloulles do reino de Deus. Unha vez que comían xuntos, recomendoulles: - *«Non vos afastedes de Xerusalén; agardade que se cumpra a promesa de meu Pai, da que eu vos falei. Xoán bautizou con auga, dentro de poucos días vós seredes bautizados con Espírito Santo.»* Eles rodeárono preguntándolle: - *«Señor, é agora cando vas restaurar o reino de Israel?»* Xesús contestou: - *«Non vos toca a vós coñecer os tempos e as datas que o Pai estableceu coa súa autoridade. Cando o **Espírito Santo** descenda sobre vós, **recibiredes forza para ser as miñas testemuñas** en Xerusalén, en toda Xudea, en Samaría e ata os confíns do mundo.»*

Dito isto, vírono elevarse, ata que unha nube llo quitou da vista. Mentres miraban fixos ao ceo, véndoo irse, presentáronselles dous homes vestidos de branco, que lles dixeron: - *«Galileos, que facedes aí plantados mirando ao ceo? O mesmo Xesús que vos deixou para subir ao ceo volverá como o vistes marcharse.»*

Palabra do Señor

Salmo 46:

Deus ascende entre aclamacións; o Señor, ao son de trompetas.

Efesios 1, 17-23 Sentouno á súa dereita no ceo.

Conclusión do santo evanxeo segundo san Lucas 24,46-53: *Mentres os bendicía, ía subindo ao ceo.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: *-«Así estaba escrito: o Mesías padecerá, resucitará de entre os mortos ao terceiro día e no seu nome predicarase a conversión e o perdón dos pecados a todos os pobos, comezando por Xerusalén. Vós sodes testemuñas disto. Eu enviareivos o que o meu Pai prometeu; vós quedádevos na cidade, ata que vos revistades da forza do alto.»*

Narrador: Despois sacounos cara a Betania e, levantando as mans, bendiciunos. E mentres os bendicía separouse deles, subindo cara ao ceo. Eles prostráronse ante el e volvéronse a Xerusalén con gran ledicia e estaban sempre no templo bendicindo a Deus

Palabra do Señor

(Narrador - Xesús)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(SACERDOTE) Digamos todos, Pedímoscho, Señor.

1. Para que nos contaxiemos da ledicia de crer en Xesús. **Oremos.**
2. Para que participemos en familia na eucaristía cada domingo. **Oremos.**
3. Para que sintamos a compañía de Xesús connosco. **Oremos.**
4. Para que sexamos testemuñas de Xesús entre os nosos amigos. **Oremos.**
5. Para que acollamos o Espírito que nos dá a súa graza nos sacramentos. **Oremos.**
6. Para que recemos a Xesús todos os días. **Oremos.**
que valoremos a fe e a amizade con Xesús. **Oremos.**
8. Para que os pais falen con Xesús dos seus fillos. **Oremos.**
9. Para que María nos coide e fortaleza no amor a Deus. **Oremos.**
10. Para que se curen os enfermos e os que o pasan mal. **Oremos.**

5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS (Posibilidades)

- LENTES CUN CORAZÓN PINTADO NO CRISTAL:

Ofrecemos estas lentes en forma de corazón para dicirlle a Xesús que imos buscalo atentamente para descubri-lo preto de nós, nos que nos necesitan.

- UN PAUCIÑO OU SINAL DUNHA CARREIRA:

Nas carreiras os atletas pásanse o sinal uns a outros. Xesús vaise ao ceo tras realizar a súa misión na terra e déixanos agora a nós o sinal, a misión de anunciá-lo, de facelo presente nos nosos traballos e diversións.

- PAN E VIÑO:

Con este pan e este viño queremos pedir-lle ao Señor que nos dea o seu alimento na eucaristía para ser reflexo da vida de Xesús no noso tempo.



6. SUXESTIÓNS:

- Pensamos en que debemos mellorar o noso testemuño de Xesús para levalo aos nosos ambientes e vivir coma el.
- Dialogamos que facemos nós para construír a Igrexa, a comunidade de Xesús.
- Comentamos como atoparnos hoxe a Xesús nos sacramentos que nos regala o Espírito Santo, como vivilos mellor...
- Ao final da eucaristía poderíamos encargarnos un globo de helio (sempre voan) no que poñeremos o nome de Xesús pintado con rotulador. Da mesma forma, por cada grupo (se son poucos, por cada neno) poñemos outro globo co nome nun papeliño na cordo que o suxeita ao globo de Xesús. Estes globos témolos no altar durante a misa ou pódense presentar nas ofrendas e ao acabar a misa, os nenos co sacerdote sairán a deixar soltos os globos na rúa. A idea é que nesta festa os nenos poden captar que con Xesús de guía nós tamén podemos voar e soñar... E como di a famosa frase: "se se pode soñar, pódese facer".



"IDE AO MUNDO ENTEIRO"

- +Xesús vaise ao ceo pero déixanos a nós aquí, déixanos como testemuñas, somos os seus mensaxeiros.
- +Non vos gardedes a Noticia na vosa casa, / nin a encerredeis en pobre xeografía, / ignorede os mapas con gallardía para anunciar a todos "o que pasa".
- +Sede, como o lévedo na masa, / fermento de luz nova e de alegría, / que faga dos homes a hospedería, / que acolle a Palabra que é a brasa,
- +que quenta a vida e renácea / como Luz que desterra o egoísmo, / e fainos familia que comprace / o Amor do Pai en fértil Bautismo.
- + Ide ao mundo enteiro e gritade gozosos / a Noticia que nos fai ditosos. *Pepe Paniagua.*

POSIBLE ACCIÓN DE GRAZAS

Conta comigo, Señor

Porque mo pides, Señor, porque mo pides dígoche que podes contar comigo.

No medio do mar axitado da vida, Ti envíasme os irmáns para que sexa testemuña do Evanxeo, para que sexa para eles e entre eles ese "pan partido" co que Ti quixeches que te fixésemos presente.

Faime testemuña da túa vida entregada; o meu corazón, éncheo do teu amor, os meus ollos, éncheos da túa tenrura, os meus oídos da túa atención, os meus pés, da túa dilixencia, as miñas mans da túa entrega.

María, nai nosa, testemuña da Boa Noticia, roga por nós.

FELIZ DOMINGO, DIA DEL SEÑOR

RED CATEQUISTAS GALICIA